



XUNTA
DE GALICIA



fundación cidade
da cultura de galicia



**CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A AXENCIA PARA A
MODERNIZACIÓN TECNOLÓXICA DE GALICIA E A FUNDACIÓN CIDADE
DA CULTURA DE GALICIA PARA LEVAR A CABO O ACONDICIONAMENTO
DO ESPAZO GAIÁS-TECH NO EDIFICIO DO CENTRO DE
EMPREENDEMENTO DA CIDADE DA CULTURA DE GALICIA**

Santiago de Compostela, 3 de xuño de 2019

REUNIDOS

Dunha parte, **dona Mar Pereira Álvarez**, directora da Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia, cargo para o que foi nomeada polo Consello da Xunta na súa reunión do 15 de marzo de 2012, en función das atribucións que lle confiren os artigos 5º e 15º do Decreto 252/2011, do 15 de decembro, polo que se crea a Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia e se aproban os seus estatutos.

Doutra parte, **dona Ana Isabel Vázquez Reboredo**, en calidade de directora-xerente da Fundación Cidade da Cultura de Galicia, con domicilio social no _____, con NIF _____, cargo para o que foi nomeada o día 16 de decembro de 2016, actuando no exercicio do seu cargo en función das atribucións que lle confire o Padroado da dita Fundación, acordo elevado a escritura pública en data de _____, ante o Notario do Ilustre Colexio de Galicia D. _____, co núm. do seu protocolo _____.

As partes recoñécense capacidade e representación suficientes para formalizar o presente convenio de colaboración, e na súa virtude



Xacobeo 2021



fundación cidade
da cultura de galicia



EXPOÑEN

Primeiro.- A Fundación Cidade da Cultura de Galicia (en diante, Fundación CdC) foi constituída o 27 de decembro de 1999, mediante escritura pública outorgada ante o Notario de Santiago de Compostela, , co número do seu protocolo. Está constituída como “organización de natureza fundacional, de interese galego, sen ánimo de lucro, cun patrimonio afecto de maneira duradeira á realización dos fins de interese xeral propios da Institución”.

Mediante a Orde da Consellería da Presidencia, Relacións Institucionais e Administración Pública do 11 de xaneiro de 2000 (DOG núm. 11 do 18 de xaneiro), clasificouse a fundación como cultural e adscribiuse á Consellería de Cultura. Por Orde da Consellería de Cultura do 19 de xaneiro do 2000 (DOG núm. 26 do 8 de febreiro) declarouse de interese galego e inscribiuse no rexistro de fundacións desta consellería co número 73.

A fundación ostenta a titularidade da “Cidade da Cultura de Galicia” (CdC), un innovador e vangardista complexo construtivo, de singular valor arquitectónico, deseñado por Peter Eisenman, situado no Monte Gaiás de Santiago de Compostela. A CdC inclúe diversas edificacións, infraestruturas, viarios e zonas verdes.

Segundo o artigo 6 dos estatutos constitúe o seu obxecto social *“a creación, explotación e promoción de áreas ou centros de conservación, produción, exhibición e consumo cultural, comunicativo e tecnolóxico, que constitúa un espazo multifuncional, multidisciplinar e aglutinador, propicio á interacción cultural”*.

Para a consecución dos fins mencionados no parágrafo anterior, a fundación pode realizar, entre outras, as seguintes actividades:



fundación cidade
da cultura de galicia



[...] b) As que contribúan a desempeñar un papel destacado no proceso de enriquecemento/aprendizaxe cultural da cidadanía, con especial énfase na adopción e uso das novas tecnoloxías.[...]

e) As que fomenten a interrelación e os proxectos en conxunto entre axentes de distintos ámbitos das industrias culturais e creativas, con especial énfase na cooperación interrexional e a colaboración pública e privada.[...]

[...] g) As que impulsen o Emprendemento empresarial no ámbito das industrias culturais e creativas, con especial énfase en proxectos que favorezan a innovación, tanto tecnolóxica como non tecnolóxica, e a súa transferencia aos sectores máis maduros do tecido produtivo, servindo como plataforma de desenvolvemento e promoción da marca país Galicia.

h) As actividades e accións que contribúan a converter á Cidade da Cultura de Galicia nun proxecto economicamente sostible e socialmente rendible, incorporando novos socios estratéxicos, tanto públicos como privados, e diversificando as fontes de financiamento para acadar a sustentabilidade do proxecto con independencia do ciclo económico.”

Segundo.- A Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia, na súa disposición adicional terceira, autorizou a creación da Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia (AMTEGA), que foi creada mediante o Decreto 252/2011, do 15 de decembro. Este decreto regula tanto as súas competencias e funcións como as súa organización e



Xacobeo 2021



fundación cidade
da cultura de galicia



estrutura, o réxime do seu persoal, o réxime económico-financeiro e patrimonial, así como os principios que a orientarán na súa actuación.

A AMTEGA é unha axencia pública autonómica adscrita á Presidencia da Xunta de Galicia, que ten como obxectivos básicos a *“definición, o desenvolvemento e a execución dos instrumentos da política da Xunta de Galicia no eido das tecnoloxías da información e a comunicación e a innovación e o desenvolvemento tecnolóxico”*.

Terceiro.- Que a Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia ten entre os seus obxectivos prioritarios lograr un desenvolvemento efectivo da Sociedade da Información na Comunidade Autónoma de Galicia, promovendo aquelas accións que faciliten e impulsen a incorporación de toda a sociedade aos novos recursos tecnolóxicos da información e das comunicacións e a implicación dos cidadáns galegos na utilización das novas tecnoloxías como factor xerador de novas capacidades, de emprego e de desenvolvemento económico. A velocidade de desenvolvemento da Sociedade do Coñecemento e as súas tecnoloxías asociadas pode provocar que determinados colectivos, que integran a nosa sociedade, se atopen con dificultades para acceder ás tecnoloxías das comunicacións quedando, polo tanto, en perigo de exclusión nos diferentes ámbitos da súa vida.

Cuarto.- Que o 30 de abril de 2015 o Consello da Xunta aprobou a Axenda Dixital de Galicia 2020, a estratexia tecnolóxica de Galicia para articular e consolidar un modelo de crecemento vinculado á economía dixital que contribúa a dar resposta aos desafíos aos que se enfronta Galicia en todas as áreas de desenvolvemento da Comunidade.



fundación cidade
da cultura de galicia



Deste xeito, tomando como base os logros acadados nos cinco anos de actuacións da primeira Axenda Dixital de Galicia 2014.gal, a nova estratexia establece 20 desafíos articulados en torno a cinco liñas estratéxicas: a Valorización da Administración, a Énfase na Vida dixital, a Aceleración da economía dixital, o Estímulo ao crecemento do sector TIC e a Articulación dixital do Territorio.

Quinto.- Entre as liñas estratéxicas deseñadas na Axenda Dixital de Galicia 2020, a Aceleración da economía dixital ten por obxectivo promover o liderado de empresas que a través da incorporación das TIC, tanto nos procesos internos como nos de negocio, garantan a creación e absorción de talento e innovación para xerar novas oportunidades e promover así a atracción e o crecemento económico na comunidade autónoma.

Neste contexto, considérase necesario a configuración e acondicionamento do Espazo Gaiás-Tech no edificio Centro de Emprendemento de Galicia (en diante, CEM) da Cidade da Cultura.

Este proxecto responde ao obxectivo da estratexia dixital de Galicia de avanzar na aceleración da economía dixital e no estímulo ao crecemento do sector TIC e, en particular, constituirse como un instrumento de soporte ao cumprimento dos obxectivos establecidos nos distintos plans da Amtega.

Sexto.- O Espazo Gaiás-Tech configurarase como un espazo innovador, vangardista, aberto e dinámico para consolidar o ecosistema dixital de Galicia impulsando as relacións internas e contribuíndo á xeración de cadeas de valor a escala global que permitan dar resposta aos desafíos actuais e futuros da sociedade.



Xacobeo 2021



fundación cidade
da cultura de galicia



Trátase dun centro para o impulso da transformación dixital de Galicia identificando tendencias e ideas innovadoras, facilitando o fluxo de información e a conexión e constitución da rede de grupos de actuación para promover a xeración, desenvolvemento e adopción de solucións tecnolóxicas capaces de dar resposta aos novos desafíos empresariais e sociais.

Tendo en conta todo o anterior, a AMTEGA e a Fundación CdC, manifestan a súa vontade de colaborar no desenvolvemento deste proxecto, e con tal finalidade acordan a sinatura do presente convenio de colaboración con suxeición ás seguintes

CLÁUSULAS

Primeira.-Obxecto

O obxecto do presente convenio é a configuración e acondicionamento do novo Espazo GaiásTech, un espazo colaborativo para impulsar a incorporación e o aseguramento da transferencia permanente dos avances dixitais ás actividades e sectores produtivos, no edificio CEM na Cidade da Cultura de Galicia.

Localizado na Cidade da Cultura, Gaiás Tech ofrecerá un conxunto coherente e coordinado de servizos necesarios para axudar aos distintos axentes do ecosistema dixital, e especialmente ás pemes e start-ups, a ser máis competitivos pola vía de:

- Actuar como porta de entrada a últimos coñecementos, experiencias e ferramentas e infraestruturas tecnolóxicas especializadas.



Xacobeo 2021



fundación cidade
da cultura de galicia



- Animar as discusións entre axentes e promover as condicións necesarias para habilitar proxectos tractores.
- Identificar proactivamente alianzas e redes de valor con escala global.
- Reunir e difundir información, reportar resultados e facilitar a compartición de boas prácticas.
- Prestar servizos de soporte personalizados en función das necesidades das empresas (sensibilización, capacitación, aceleración, etc.).
- Servir de escaparate do mapa de capacidades dixitais en Galicia e promover o aliñamento entre a oferta do sector TIC e a demanda do resto de sectores.
- Vixiar e avaliar as necesidades de habilidades actuais e futuras dos usuarios para adecuar a súa oferta de servizos.

Ademais, GaiásTech como centro demostrador e de experimentación dixital exercerá de nodo central asumindo a gobernanza e coordinación dos Nodos de Especialización Tecnolóxica de Galicia que se despregarán no territorio, e que estarán ao servizo doutras estratexias e/ou planes de innovación, emprendemento ou desenvolvemento industrial de Galicia.

Segunda.- Definición do proxecto

O Espazo Gaiás- Tech contará cos seguintes subespazos:



Xacobeo 2021



fundación cidade
da cultura de galicia



1. Área de recepción (200m2 aproximadamente)

Mosaico de pantallas .- Localizado nun espazo amplo e visible para xerar un ambiente de creatividade e atraer a atención de calquera visitante do CEM en xeral e, en concreto, estimular visualmente aos usuarios do Espazo Gaiás-Tech. Estará equipado cunha pantalla dixital interactiva (video wall) que actuará como escaparate das capacidades do Centro.

Recepción.- Espazo contiguo ao mosaico de pantallas e punto de acceso ao conxunto das instalacións do Espazo Gaiás-Tech. Esta localización fai que se configure como a súa carta de presentación e require dun deseño que resulte atractivo para os usuarios e que capte a atención de calquera visitante da Cidade da Cultura. Contará con postos de traballo, tanto fixos como itinerantes.

2. Espazo Demostrador (100 m2 aproximadamente)

Zona aberta e polivalente dotada co equipamento necesario para aglutinar os servizos prestados polo centro, combinando elementos estáticos e móbiles que permitan flexibilizar a organización do espazo dispoñible segundo o tipo de actividade.

3. Zona de traballo (460 m2 aproximadamente)

Espazo que albergará *Salas Booster* para o asesoramento e transferencia de coñecementos orientadas a usos específicos:

3.1 Salas de traballo en equipo (2x 60 m2 aproximadamente)



fundación cidade
da cultura de galicia



Salas illadas nas que propiciar a concentración, contarán con mobiliario adaptado ás necesidades de traballo do centro e disporán dun espazo o suficientemente amplo para realizar sesións grupais de reflexión ou toma de decisións.

3.2 Sala de ideas (80 m2 aproximadamente).

Zona de ideación, iteración e aprendizaxe equipada con elementos que potencian a imaxinación e a xeración de ideas innovadoras.

3.3 Sala de networking (80 m2 aproximadamente)

Contorna colaborativa e lúdica para o intercambio de ideas, presentación informais, etc. Este espazo estará especialmente deseñado para motivar a conversa entre diferentes usuarios nun ambiente distendido.

3.4 Estacións de traballo (80 m2 aproximadamente)

Área composta por distintos contenedores habilitados como postos de traballo individuais nos que os usuarios poderán instalarse cando precisen de illamento perceptivo para desenvolver as súas ideas.

A demais dos novos espazos definidos nos parágrafos anteriores, a actuación prevé a reconfiguración e sectorización dos espazos tecnolóxicos do CEM para integralos no Espazo Gaiás-Tech de modo que se constitúa un todo coherente.

Terceira.- Actuacións a realizar



Xacobeo 2021



**XUNTA
DE GALICIA**



fundación cidade
da cultura de galicia



As actuacións previstas a realizar para a configuración e acondicionamento do espazo son as seguintes:

- Deseño do proxecto arquitectónico
- Deseño de imaxe e proxecto de interiorismo
- Obra civil
- Instalación de electricidade e alumeadado
- Mobiliario e instalación

Cuarta.- Obrigas das partes

1.- Obrigas da Fundación Cidade da Cultura de Galicia

- Achegar o financiamento previsto na cláusula quinta do presente convenio.
- Definir os proxectos para levar a cabo as actuacións contempladas na cláusula segunda para o desenvolvemento do presente convenio.
- Executar os proxectos para o desenvolvemento das actuacións previstas na cláusula segunda, a través dos procedementos de contratación que correspondan.
- Realizar o seguimento dos proxectos que execute a entidade no marco do presente convenio.
- Proceder ao reintegro, total ou parcial, das cantidades percibidas no suposto de inexecución das actuacións obxecto do presente convenio, de incumprimento



Xacobeo 2021



fundación cidade
da cultura de galicia



da xustificación dos gastos correspondentes ou cando o importe dos gastos executados e xustificados sexa inferior á cantidade anticipada.

2.- Obrigas da AMTEGA

A AMTEGA obrígase a:

- Achegar o financiamento previsto na cláusula quinta do presente convenio.
- Apoiar á Fundación Cidade da Cultura de Galicia na definición dos proxectos para levar a cabo as actuacións contempladas na cláusula segunda para o desenvolvemento do presente convenio.
- Facilitar toda a información necesaria para levar a cabo as actuacións, garantindo a corrección e veracidade das mesmas e destinar os recursos necesarios que fagan posible a correcta execución das ditas actuacións.

As partes comprométense a realizar cantas accións resulten precisas para a correcta e completa execución das actuacións previstas neste convenio.

Quinta.- Financiamento

O importe estimado das actuacións do presente convenio é de 570.000 € que serán asumidos pola Fundación Cidade da Cultura de Galicia e pola Amtega conforme á seguinte distribución por anualidades:



Xacobeo 2021



**XUNTA
DE GALICIA**



fundación cidade
da cultura de galicia



Axencia para a
Modernización Tecnolóxica



	2019	2020
AMTEGA	300.000,00 €	103.959,00 €
FCdCG	0,00 €	166.041,00 €

Este importe corresponde á estimación do orzamento de execución das obras. O importe exacto determinarase unha vez realizada a redacción do proxecto, que está levando a cabo a Fundación Cidade da Cultura de Galicia.

Achega da Fundación Cidade da Cultura de Galicia:

A Fundación Cidade da Cultura de Galicia financiará as actuacións que se derivan da sinatura e execución do presente convenio por un importe estimado de 166.041,00 € con cargo ao seus orzamentos para o ano 2020.

Fundación Cidade da Cultura de Galicia	Anualidade 2019	Anualidade 2020
--	-----------------	-----------------



Xacobeo 2021

Importe	0,00€	166.041,00 €
Conta asociada		21100020
Expediente de gasto		EG2043
Epígrafe		OBRAS EN EDIFICIO CEM

A Fundación, a través das transferencias de capital da Consellería de Cultura e Turismo, e dentro dos límites orzamentarios, comprometerá gasto por tal contía nas contas do ano 2020.

Achega da Amtega:

A AMTEGA financiará as actuacións que se derivan da sinatura e execución do presente convenio por un importe estimado de 403.959,00 € con cargo ao seu orzamento coa seguinte distribución por anualidades:



XUNTA
DE GALICIA



fundación cidade
da cultura de galicia



Axencia para a
Modernización Tecnolóxica



	APLICACIÓN ORZAMENTARIA	2019	2020
AMTEGA	04.A1.571A.622.0	300.000,00 €	103.959,00 €

A AMTEGA, no prazo dun mes desde a sinatura do presente convenio, achegará á Fundación Cidade da Cultura de Galicia a cantidade antedita prevista para o ano 2019 coa finalidade de posibilitar a execución das actuacións previstas no convenio.

A Fundación Cidade da Cultura de Galicia xustificará as inversións realizadas nas actuacións definidas na cláusula segunda que sexan financiadas con cargo á achega da Amtega, mediante certificación emitida pola directora xerente da entidade ou polo director económico-financeiro. Esta certificación quedará ao obxecto de comprobación e aceptación por parte da AMTEGA.

Sexta.- Protección de datos

1. Tratamento de datos persoais das partes intervenientes no convenio

As partes intervenientes manifestan ter sido informadas, respecto dos seus propios datos persoais que se faciliten para a formalización e o adecuado desenvolvemento deste convenio, conforme ao disposto no artigo 13 do Regulamento 2016/679 (UE) xeral de



Xacobeo 2021



fundación cidade
da cultura de galicia



protección de datos persoais (en diante, RXPDP). A lexitimación para o tratamento dos datos seus datos, será a execución do presente convenio, así como dacordo co disposto na Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos de carácter persoal e garantía dos dereitos dixitais.

No caso de que, no ámbito deste convenio, os intervenientes se facilitasen respectivamente datos persoais de terceiros, incluídos os relativos ao persoal ao seu servizo, estes serán tratados para o cumprimento dunha misión de interese público ou o exercicio de poderes públicos, debendo informar previamente á súa comunicación aos interesados dos extremos previstos no devandito artigo 13.

2. Deber de confidencialidade das partes intervenientes no convenio

As partes intervenientes deberán respectar o segredo profesional e, en consecuencia, manter absoluta confidencialidade e reserva sobre a totalidade dos documentos e informacións que lle foran confiados para a formalización do convenio ou que sexan elaborados con ocasión da execución do mesmo. Así, quedan expresamente obrigadas:

- a utilizar a devandita información exclusivamente no ámbito deste convenio e para as finalidades previstas no mesmo;
- a non comunicala, nin total nin parcialmente, a ningún terceiro sen autorización expresa do emisor salvo nos casos expresamente previstos na lei, esixindo idéntico compromiso ao persoal que empregue ou co que colabore na execución do convenio;



fundación cidade
da cultura de galicia



- a facilitar o acceso á información unicamente ao persoal que a necesite para o desenvolvemento da devandita relación, a quen se comunicará a obriga de tratar a información á que se lles dá acceso con carácter estritamente confidencial;
- a aplicar medidas de cautela e protección e destruír en calquera momento a documentación escrita recibida se así o solicita a parte que a fornece;

Considerarase información confidencial aquela á que os intervenientes accedan en virtude do presente convenio, especialmente a de tipo técnico ou tecnolóxico, de produción, de mercadotecnia, administrativa, ou económico-financeira, sempre que non teña carácter público ou notorio. Este deber manterase durante un prazo mínimo de dez anos desde o coñecemento desa información.

Sétima.- Comisión de Seguimento.

Establécese unha Comisión de Seguimento do presente convenio integrada por un mínimo de dous representantes por cada unha das partes asinantes deste convenio. Os membros desta comisión poderán ser substituídos polas persoas que estes designen. A substitución, con carácter definitivo ou temporal, de calquera dos membros da Comisión de Seguimento, será anunciada na convocatoria de reunión correspondente, e quedará debidamente reflectida na acta da mesma.

Esta comisión estará presidida por un dos representantes da AMTEGA, e actuará como secretario un dos representantes da Fundación Cidade da Cultura de Galicia.

A Comisión de Seguimento asumirá, entre outras, as seguintes funcións:



fundación cidade
da cultura de galicia



- Supervisar a execución dos proxectos.
- Resolver os problemas de interpretación e cumprimento que se deriven do presente convenio.

A comisión reunirase en sesión constitutiva no prazo dun mes dende a sinatura do convenio e poderá reunirse cantas veces estimen oportuno as partes, para mellor cumprimento e execución deste convenio, e por iniciativa de calquera delas.

Oitava.- Resolución do convenio

O presente convenio poderá ser resolto por acordo de ambas as partes ou por decisión unilateral de unha delas, motivada polo incumprimento das súas obrigas pola outra parte, o que deberá comunicarse á outra con tres meses de antelación.

En caso de non execución das actuacións, a Fundación restituirá as cantidades achegadas pola AMTEGA.

Novena.- Discrepancias

As eventuais discrepancias derivadas do presente convenio que non poidan ser resoltas pola comisión de seguimento prevista na cláusula sexta, resolveranse polo procedemento previsto na Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público de Galicia, para os conflitos de atribucións.

Décima.- Vixencia



fundación cidade
da cultura de galicia



O presente convenio terá efecto dende o momento da súa sinatura e estenderá a súa vixencia ata o 31 de decembro de 2019, sen prexuízo das posibles prórrogas que poidan acordarse.

Décima primeira.- Desenvolvemento e modificación

O presente Convenio poderá ser obxecto de desenvolvemento a través das correspondentes addendas ao mesmo.

De acordo co disposto no artigo 31.4 da Lei 14/2013, do 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico, o convenio poderá ser obxecto de modificación cando teñan como finalidade o logro dos obxectivos de estabilidade orzamentaria e sostenibilidade financeira. Ditas modificacións terán por obxecto a redución do volume das obrigas ou a ampliación do seu prazo de execución.

Décima segunda.- Natureza xurídica

O presente convenio ten natureza administrativa, e como tal está excluído do ámbito de aplicación da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2017/24/UE, do 26 de febreiro de 2014, se ben se observarán os seus principios para a resolución das dúbidas e lagoas que se puidesen presentar.

Décima terceira.- Publicidade



Xacobeo 2021



fundación cidade
da cultura de galicia



Este convenio será obxecto de inscrición en cumprimento do establecido no artigo 15 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno e no Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia.

As partes asinantes autorizan/consenten na publicidade dos seus datos persoais e demais especificacións recollidas no presente convenio de colaboración no Portal de Transparencia e Goberno Aberto.

Segundo o artigo 17 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, ademais da información que debe facerse pública segundo a normativa básica en materia de transparencia, a Administración autonómica publicará o texto íntegro do convenio.

E en proba de conformidade co exposto, asinan este acordo no lugar e data sinalados no encabezado.

A directora da Axencia para a Modernización
Tecnolóxica de Galicia

Mar Pereira Álvarez

A directora xerente da Fundación
Cidade da Cultura de GaliciaAna

Isabel Vázquez Reboredo